

D. Julio Fernández González

E-mail: matarpormatarnon@yahoo.es

Expediente: F.7.Q/15/15

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2015

Estimado Sr.:

Recibido nesta institución o seu escrito de queixa, este deu lugar ao expediente co número arriba indicado.

Unha vez estudada a súa queixa, dámola por admitida ao entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo.

En consecuencia, coa data de hoxe iniciamos as actuacións oportunas ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. En concreto requirimos a ese órgano que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre o problema que motivou a súa queixa. Tan pronto como recibamos o preceptivo informe que ese órgano ten que remitirnos poñerémonos de novo en contacto con vostede para darlle conta da nosa actuación ao respecto.

Informámolo de que a admisión a trámite da súa queixa non suspenderá en ningún caso os prazos previstos nas leis para recorrer a resolución administrativa controvertida, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional.

Agradézolle a confianza que nos demostra e reciba un atento saúdo.



José Julio Fernández Rodríguez
Valedor do Pobo (en funcións)